

Recomendación dirixida ao Concello de Padrón para que do xeito que considere oportuno e respectando a súa autonomía local, valore a conveniencia de establecer un protocolo de identificación do funcionariado público, de xeito que a cidadanía coñeza en todo caso, a identificación dos que interveñan nas actuacións que lles afecten, calquera que sexa a canle de comunicación empregada, de xeito que se eviten conflitos como o que serve de base a esta investigación

Expediente: C.8.Q/12096/23

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2024

Sr. Alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito XXX sobre contaminación acústica en Padrón, agresións e ameazas.

ANTECEDENTES

Primeiro: En data do 19/06/2023 o promotor deste expediente formulou queixa ante a Valedora do Pobo, na que se indica esencialmente que:

“O día 16 de Xuño de 2023 en torno as 13:30 realicei unha chamada á Policía Local de Padrón, solicitando a súa intervención denunciando unha situación de contaminación acústica. Ante o prolongado da situación e o fatais desenlaces anteriores, outros veciños da aldea en cuestión foron agredidos ou ameazados o queixarse da situación a persoa responsable, solicítase (tras a negativa do Policía investigar os feitos) a intervención policial para una resolución pacífica dos conflitos, negándose de novo. Así pois, advírtese o mesmo de que os feitos descritos foron postos en coñecemento do concello (se ven non resultou en ningunha actuación por parte do consistorio) da incredulidade da situación pola miña parte como o coñecemento dos dereitos do cidadán, solicitando a súa identificación, negándose ata en 3 ocasións. Inmediatamente realízase unha consulta a esta institución sobre a forma de proceder, reflexando a preocupación por falta de soportes materiais que contrasten os feitos (ausencia de testigos e descoñecemento sobre se a conversación esta sendo gravada) e a posibilidade da vía xudicial.”

Así pois, quero presentar unha queixa contra a actitude deste funcionario público ..., en base a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais apreciando que se incorre nos artigos 79.a, c, n; 80. h (no seu caso), 80.x, z, z ter; 81.b, c e g. Tamén se aprecia intencionalidade e perturbación sobre o normal funcionamento da Administración.”

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe ao Concello de Padrón con data do 29/06/2023 (R.S.11770/23).

TERCEIRO.- Con R.E. 216005/23, logo de efectuar sucesivos requirimentos recíbese nesta institución un informe remitido polo ente local no que se fai constar literalmente o seguinte:

“En contestación ao escrito remitido por esa Institución de data 27 de xuño do 2023 (con entrada no Rexistro municipal o 30 de xuño), relativo á queixa formulada polo XXX en relación a unha actuación dun funcionario da policía local deste Concello, comunicámoslle que:

Primeiro. Solicitouse informe ao funcionario ao que fai referencia a queixa e no mesmo faise constar o seguinte:

-Que el día 16/06/23, se encontraba de servizo el agente con nº de placa XXX, XXX de la Policía Local de Padrón, el cual recibe una llamada de teléfono, comunicándole que era un vecino de Morono y que quería saber si se había realizado alguna gestión con el tema de unos perros los cuales ladraban por las noches.

-Se le comunica, que cuando los agentes realizaron esa inspección, no se observó nada, que la Policía Local, en estos momentos carecía de turno de noche y no podía realizar esa comprobación al tratarse en un horario que la policía no tenía servicio nocturno, por lo que debería llamar a la central C.O.S de la G.C.

-Que, tras la comunicación del agente, este ... le pide el nº de identificación, a lo que el agente le comunica que primero tiene que identificarse la persona que llama y que si se persona en la Comisaría no tiene ningún problema en identificarse, a lo que le contesta ...

Do contraste do relato por unha e outra parte non pode concluírse que o funcionario se negase a identificarse senón que hai que ter en conta que a conversa era por teléfono e sen saber este último con quen estaba falando.

Segundo. É certo que o XXX presentou un escrito no rexistro municipal polas malas condicións nas que se atopa un can no lugar de Morono e o ruído que provoca cos seus ladridos e, de feito, a Policía local ten acudido ao lugar en diversas ocasións para constatar os feitos sen que detectaran nada irregular na zona nin se produciran ladridos "constantos". Subliñamos que as pescudas realizáronse no núcleo de Morono en xeral porque o interesado non identifica á persoa responsable do can ou a vivenda ou finca onde se atopa"

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

Primeira: Iniciábase esta investigación sobre a problemática exposta, e solicitábase informe a ese ente local o 29 de xuño de 2023. Malia o tempo transcorrido e toda vez que o preceptivo informe non se incorporaba, houbo de efectuarse sucesivos requirimentos.

Segunda: No informe municipal finalmente incorporado, reflíctese a problemática exposta polo promotor deste expediente de queixa: *"Que, tras la comunicación del agente, este ... le pide el nº de identificación, a lo que el agente le comunica que primero tiene que identificarse la persona que llama y que si se persona en la Comisaría no tiene ningún problema en identificarse, a lo que le contesta ..."*

Do contraste do relato por unha e outra parte non pode concluírse que o funcionario se negase a identificarse senón que hai que ter en conta que a conversa era por teléfono e sen saber este último con quen estaba falando..."

Terceira: O ente local aporta escasos argumentos que contribúan a clarear o manifestado polo promotor deste expediente, polo que compre lembrar que, a *Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas*, recoñece como dereito do interesado que se relaciona coa Administración pública, a identificación das autoridades e o persoal ao servizo das mesmas.

Así mesmo o *Código Ético de los Empleados Públicos* establecido no capítulo VI do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, do *Estatuto Básico del Empleado Público*. Artigo 52. Dí : *"Deberes de los empleados públicos. Código de Conducta. Los empleados públicos deberán desempeñar con diligencia las tareas que tengan asignadas y velar por los intereses generales con sujeción y observancia de la Constitución y del resto del ordenamiento jurídico,*

y deberán actuar con arreglo a los siguientes principios: objetividad, integridad, neutralidad, responsabilidad, imparcialidad, confidencialidad, dedicación al servicio público, transparencia, ejemplaridad, austeridad, accesibilidad, eficacia, honradez, promoción del entorno cultural y medioambiental, y respeto a la igualdad entre mujeres y hombres, que inspiran el Código de Conducta de los empleados públicos configurado por los principios éticos y de conducta regulados en los artículos siguientes. Los principios y reglas establecidos en este capítulo informarán la interpretación y aplicación del régimen disciplinario de los empleados públicos.”

Pola súa banda, a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece no artigo 7 os Principios básicos de actuación, así :

“Son principios básicos de actuación para os membros dos corpos de Policía local, de acordo co artigo 5 da Lei orgánica 2/1986:

(...)

En relación coa sociedade, singularmente:

1.º) Impedir, no exercicio da súa actuación profesional, calquera práctica abusiva, arbitraria ou discriminatoria que entrañe violencia física ou moral, con especial atención ás derivadas das desigualdades por razón de xénero.

2.º) Observar en todo momento un trato correcto e esmerado nas súas relacións cos cidadáns, aos cales procurarán auxiliar e protexer, sempre que as circunstancias o aconsellen ou fosen requiridos para iso, en especial en todos os supostos e manifestacións de violencia de xénero, e proporcionarlles información cumprida, e tan ampla como sexa posible, sobre as causas e finalidade de todas as súas intervencións.”

E no artigo 8.-Funcións dos corpos de Policía local.

1. De acordo co disposto no artigo 53 da Lei de forzas e corpos de seguridade, son funcións dos corpos da Policía local as que se indican:

i) Cooperar na resolución dos conflitos privados cando sexan requiridos para iso.

E no artigo 10.-Acreditación profesional.

3. Terán a obriga de identificarse ante os cidadáns ou as cidadás que así o exixan, no caso das actuacións que os afectasen, directa ou indirectamente”

CONCLUSIÓN



Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar ao Concello de Padrón a seguinte

RECOMENDACIÓN:

“ Que do xeito que considere oportuno e respectando a súa autonomía local, valore a conveniencia de establecer un protocolo de identificación do funcionariado público, de xeito que a cidadanía coñeza en todo caso, a identificación dos que interveñan nas actuacións que lles afecten, calquera que sexa a canle de comunicación empregada, de xeito que se eviten conflitos como o que serve de base a esta investigación ”

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo